

NOTA INFORMATIVA RECUPERACIÓN 2º TRIMESTRE:

Todos aqueles alumnos e alumnas de 5º EP que teñan suspensa a segunda avaliación de Lingua Galega, deben centrarse en realizar estas actividades de recuperación. É moi importante que as fagades para poder recuperar o segundo trimestre desta materia.

Aínda así, realizade tamén a actividade de Lingua Galega proposta para esta semana que consiste en gravar un vídeo de 15 segundos e así poder participar na sorpresa. Tedes toda a información sobre esta tarefa nas actividades de Lingua Galega publicadas esta semana na páxina web do colexio.

A data límite para a entrega destas actividades de recuperación é o **vernes 15 de maio**.

Unha vez feitas, debedes envalas ao meu correo: profeantia@gmail.com

Recordade que se facedes as actividades a ordenador podedes envalas directamente en word e pdf. No caso de facelas a man, enviade fotos revisando que se vexan ben.

Calquera dúbida, escribídemme un correo.

Ánimo, chicos e chicas!!

5º EP. Lingua Galega: Recuperación segundo trimestre.

Nome: _____ Data: _____

1. Destaca as palabras esdrúxulas e ponlle o acento gráfico ás que o precisen.

necora firmamento bretema zapato tecnico
maxico satellite bebida temporal cantico
mariño exito plastico vitamina vendedor

2. Completa a táboa con catro palabras de cada.

Palabras simples	Palabras compostas

3. Escribe o plural dos seguintes substantivos.

persoal: _____ pel: _____
pan: _____ turrón: _____
tambor: _____ marqués: _____
ollomol: _____ túnel: _____
ril: _____ xornal: _____

4. Volve escribir de forma correcta os femininos que están mal.

patrona _____ bisavoa _____
irmana _____ pastora _____
mecánica _____ aldeá _____
ladrona _____ curmana _____
leona _____ ferrolana _____

5. Que é a rima? Explica como pode ser.

6. Escribe unha oración en cada un dos graos do adxectivo (positivo, comparativo e superlativo).

7. Rodea as palabras con ditongo.

saudade	meteorito	area	bocoi	altibaixo
fruta	contraorde	aguia	baobab	aerosol
aliado	tesouro	derreado	ambiguo	chatarreiro

8. Escribe palabras que pertenzan ao campo semántico da fruta.

9. Agrupa as palabras segundo a súa familia léxica.

loucura	colorar	dorido	louquear	colorante	alocado
doente	dor	inoloro	enlouquecer	colorido	doenza

_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____
_____	_____	_____

10. Subliña os artigos e rodea os demostrativos do texto.

Aquela tarde, cando o investigador chegou a aquela parte do edificio descubriu que, de entre unhas caixas que había no medio do cuarto, sobresaía un sobre de cores, como eses das felicitacións . Sacou os guantes do peto e, con coidado de non danar as evidencias, colleu esta proba. Tiña escrito un enderezo e uns números de teléfono. Tamén tiña un debuxo, era o debuxo dun home pero moi sinxelo, como eses que fan os nenos pequenos.

11. Rodea as palabras con hiato.

falcatrúa	tesouro	caído	paraíso	altibaixo
aerosol	anteollos	néboa	saúdo	enxoiro
viúva	espeleólogo	faraón	alegría	caótico

12. Le o seguinte texto e contesta as preguntas.

Cada mañá María agarda polo coche de liña, estes días está a tardar máis que un día normal por mor da néboa. Na parada, a miúdo, están eses rapaces da casa do lado e unhas nenas pequenas coas súas avoas a esperar polo autobús da escola. Ao velos pensa naqueles tempos nos que era ela a que agardaba alí para ir á clase nese autobús.

No autobús gústalle ir sentada no medio porque eses son os asentos máis tranquilos, pois diante sentan as veciñas da aldea que van mercar á vila e atrás os rapaces do instituto.

- En que tempo (pasado, presente ou futuro) e persoa (primeira ou terceira) está o texto?

- Segundo a clasificación dos personaxes, como se clasifica a María (protagonista ou personaxe secundario?), por que?
